

**Un país
xusto.**

Facenda

**Programa
2016**



3 **Facenda galega para redistribuír e reequilibrar**

5 **Principios e directrices**

6 **Principais medidas**

Financiamento autonómico.

Unha fiscalidade xusta para unhas finanzas transparentes

Fiscalidade

Democracia municipal e financiamento.

Facenda galega para redistribuír e reequilibrar.

O obxectivo fundamental do programa de En Marea é combater a desigualdade e, sobre todo, evitar que ninguén se quede atrás. Isto require que cada quen contribúa en función das súas capacidades, cada quen reciba segundo as súas necesidades. A procura dunha maior igualdade social require non so da defensa da igualdade de oportunidades (a través da sanidade universal, a escola pública, etc), senón tamén dunha fiscalidade progresiva e un esforzo nivelador a través do gasto.

A política seguida en Galiza durante os anos do PP en pouco ou nada contribuíu a este obxectivo. En primeiro lugar os datos amosan que a recadación de impostos en Galicia é dous puntos de PIB inferior á media española e uns seis puntos de PIB inferior á media da OCDE. Mentres os ingresos parecen estar por baixo da nosa capacidade, a débeda segue a aumentar, incrementándose durante o período de goberno de Feijoo en máis de 6.400 millóns de euros, o que amosa a fuxida para adiante do suposto goberno dos «bos xestores» ante a insuficiencia dos ingresos. E máis, a pesar destas cifras, neste mesmo ano asistimos a unha rebaixa de impostos en Galicia, duns 500 millóns de euros ao ano, so explicable por fins electorais. Se hai débeda, os impostos que non se recaden agora, terán que recadarse no futuro. A nosa proposta neste punto é moi clara, se non queremos recunciar ao benestar, quen máis ten terá que contribuir máis.

Na consecución da suficiencia financeira, o modelo de Financiamento Autonómico ten un rol central. Este modelo, lonxe de ser algo pechado, ten ido evolucionando a partires da súa creación e na actualidades as CCAA contan xa con certa soberanía na xestión dos importos: 50% IRPF, 50 IVE 58% Impostos especiais e o 100% de patrimonio e actos xurídicos documentados, sucesións e doazóns e taxas do xogo. Ao mesmo tempo existen un fondo horizontal, Fondo de Garantía dos Servizo Públicos Fundamentais, que trata de nivelar o 70 % dos recursos xerados en cada territorio e que implicaría a solidariedade entre as distintas CCAA e un fondo vertical, Fondo de Suficiencia, que é financiado polo estado central e trata de garantir o status quo é dicir, que ningunha Comunidade Autónoma saíra perdendo con este novo modelo. Finalmente tamén se incorporan outros dous fondos; o de competitividade e cooperación.

Debido a multitude de fondos e a pouca claridade coa que son distribuídos, o actual modelo de financiamento trae asociado unha importante serie de deficiencias

e anomalías. En particular, a impredecibilidade do resultado que terá para cada comunidade o efecto conxunto da mestura de fondos e variables, convertíñose máis nun elemento de distorsión que de estabilidade ou de superación dos déficits históricos de comunidades como a nosa.

Por outra parte os modelos de financiamento autonómico anteriores debían garantir un servizo público básico, o que implicaba a creación dunha rede de solidariedade, onde as Comunidades con maior renda debían proporcionar recursos a aquelas con menor renda. Sen embargo, o resultado foi que as diferenzas económicas entre as CCAA foron en aumento.

Un elemento adicional á considerar é aquel que ten que ver coa competencia fiscal entre os territorios e en especial, do problema que representa que un territorio actúe como un «paraíso fiscal». Este sería o caso de Madrid, que sendo ademais a Comunidade Autónoma con maior renda, conta con unhas vantaxes fiscais que afectan de forma moi negativa ao resto dos territorios.

Neste contexto, é preciso que os galegos e galegas sexamos os donos dos nosos cartos. Co financiamento autonómico propio reforzaremos o noso autogoberno, unha garantía de futuro para consolidar dereitos e liberdades, servizos públicos básicos e universais como a sanidade ou a educación. Apostaremos pola creación dun Fondo de Compensación Interterritorial que favoreza a aquelas comarcas e lugares con menos servizos e nos que exista unha maior demanda de prestacións sen cubrir pola administración galega.

Principios e directrices

Tendo estes feitos en conta a facenda galega debería asumir os seguintes principios e directrices.

O principio fundamental que seguirá a facenda galega, será o de **cada quen segundo as súas necesidades, cada quen segundo as súas posibilidades**. Este principio aplicarase tanto a administración autónoma, como as administracións locais e ás persoas. Este principio implica:

- ▶ Garantizar os fondos suficientes para os servizos públicos básicos.
- ▶ Igualar o sacrificio fiscal.
- ▶ Promover a igualdade de xénero tamén a través da fiscalidade.

No que atinxe ao modelo fiscal para Galiza, este deberá rexirse polas seguintes directrices:

- ▶ Unha maior autonomía financeira. O control dos recursos xerados endoxenamente nun territorio, resulta ser clave para promover un modelo de desenvolvemento a medio longo prazo. Desta forma, asumindo ademais o carácter histórico da comunidade galega, o control e xestión dos recursos tributarios por parte da Xunta é algo o cal non se pode renunciar se pretendemos construír un proxecto que proporcione solucións ás necesidades demandadas pola sociedade galega.
- ▶ Ao mesmo tempo débense de establecer medidas que impidan que os territorios mais ricos actúen baixo un modelo fiscal que extraiga rendas do resto de territorios, promovendo, polo contrario, unha maior responsabilidade financeira, cohesión e solidariedade.
- ▶ Unha maior simplificación dos fondos de solidariedade existente ademais da creación ou incluso a recuperación dunha ferramenta (Fondo de Compensación Interterritorial) que promova unha converxencia real entre as diferentes Comunidades Autónomas.
- ▶ Deseño dunha nova fórmula de cálculo das necesidades de gasto para Galicia.

Principais medidas

Financiamento autonómico.

O control dos recursos tributarios xerados nun territorio é clave para promover un modelo de desenvolvemento propio. Galicia non pode renunciar a un novo sistema de financiamento se pretendemos construír un proxecto que proporcione solucións ás necesidades demandadas pola sociedade galega. Coa perspectiva da modificación do sistema de financiamento autonómico desde o goberno galego esixiremos unha maior autonomía financeira e plena capacidade normativa, de xestión, e co-responsabilidade fiscal sobre os impostos que soportan os suxeitos pasivos de Galiza. Este sistema incluírá competencias para regular o financiamento suficiente das entidades locais. Habilitaremos mecanismos de reequilibrio territorial, e unha maior simplificación dos fondos de solidariedade existentes, ademais da creación ou incluso a recuperación dunha ferramenta (Fondo de Compensación Interterritorial) que promova unha converxencia real entre as diferentes comunidades autónomas. Deseñaremos, o fío, unha nova fórmula de cálculo das necesidades de gasto para Galicia.

Unha fiscalidade xusta para unhas finanzas transparentes

Apostamos por unha fiscalidade na que cadaquén aporte en función dos seus ingresos. Derrogaremos o canon da auga e crearemos unha fiscalidade verde na que se graven aquelas prácticas que sexan nocivas en contra do medio natural do noso país.

Fiscalidade

Revisaremos o mínimo exento do imposto de patrimonio que pasará de estar en 700.000 € a 500.000 €. Acometeremos unha revisión das deducións do IRPF, toda vez que as vinculadas a condicionantes persoais están ligadas a unha base impositiva de 22.000, cando o salario medio en Galicia é inferior.

Tamén promoveremos a eliminación da opción de tributación conxunta no IRPF xa que está comprobado que produce un impacto de xénero negativo.

Derrogaremos o canon da auga, en consonancia coa demanda de derogación da actual lei de augas. Crearemos unha fiscalidade verde que grave, para desincentivar, as accións que agredan o medio ambiente, en particular se reforzarán os gravames sobre a contaminación atmosférica e sobre o dano ambiental da auga encorada. Crearemos un Imposto Especial de Solidariedade para Altos Ingresos.

Democracia municipal e financiamento.

As transferencias niveladoras que reciben as administracións municipais teñen basicamente dous obxectivos. Por unha banda, contribuír, xunto cos ingresos municipais, á suficiencia financeira dos concellos respecto das súas obrigas. Por outro lado, deben garantir que toda a cidadanía ten igualdade de acceso aos servizos á marxe do seu lugar de residencia. No caso da Xunta de Galicia estas transferencias canalízanse a través do Fondo de Compensación Local.

Non obstante, nalgunhas ocasións estas transferencias, lonxe de poder cumprir a súa función niveladora, son empregadas para compensar unha

falta de esforzo fiscal local. É dicir, algunhas corporacións financian a súa popularidade con recursos alleos, impedindo a efectiva subsanación dos atrancos estruturais que limitan o desenvolvemento. Así vemos como cada ciclo electoral os partidos no goberno incrementan o financiamento autonómico a aqueles concellos afíns que non asumiron a súa responsabilidade fiscal, nun espectáculo de insolidaridade e pobreza democrática.

Consideramos que cada concello debe ser quen de elixir a combinación de prestacións e responsabilidades que estime máis acoidas a súa estratexia política e que corresponde ao goberno autonómico garantir que isto se produza baixo criterios equitativos, xustos e democráticos. A tal efecto propoñemos a adopción das seguintes medidas: en primeiro lugar, vincular as transferencias económicas á verificación de que os concellos teñan realizados uns esforzos para dotarse de recursos propios equiparables aos do seu entorno. En segundo lugar, establecer criterios transparentes de asignación dos fondos e, en terceiro lugar, o Parlamento e o Goberno Galego obrigarán aos concellos beneficiarios a xustificar a oportunidade e rendibilidade social das subvencións outorgadas.

